



Concello de Baralla

BANDO

D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-

FAI SABER:

Que no día de hoxe (15 de xaneiro de 2024), publicouse no *DOGA (Diario Oficial de Galicia)*, a resolución do **Instituto de Estudos do Territorio** pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión, en réxime de **CONCORRENCIA NON COMPETITIVA**, da axudas para actuacións de **CORRECCIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS** destinadas a **PERSOAS FÍSICAS**.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

- ✓ Actuacións de **restauración e/ou revestimento de elementos de fachadas**, están rematados con materiais ou solucións construtivas que poidan resultar inadecuadas para quedar vistas, como podería ser a fábrica de ladrillo, de bloques de formigón, ou formigón ou morteiro de cemento.
- ✓ Actuacións de **renovación do acabado dos paramentos cegos de fachadas, carpintarías ou cerrallarías exteriores**, que supoñan un impacto paisaxístico como consecuencia dunhas inadecuadas características construtivas, do deficiente estado de conservación ou da tonalidade e/ou da intensidade da actual cor de acabado.
- ✓ Actuacións sobre **fachadas de cachotaría ou cantaría** que precisen a aplicación ou renovación dos morteiros de rexuntado.
- ✓ **Remate, renovación e/o substitución do acabado exterior de cubertas** que se atopan en deficiente estado de conservación ou presentan solucións construtivas ou materiais de acabado que poderían ser considerados como inadecuados. Poderá ser subvencionable a substitución de cubertas de placas de fibrocemento e/ou doutros materiais, discordantes cos valores paisaxísticos da contorna onde se sitúa a edificación. Queda excluída a renovación de elementos estruturais (soportes, vigas, pontóns,...), así como as deficiencias estéticas que se resolvan con labores de limpeza.
- ✓ Recuperación, restauración e/ou revestimento de muros de peche de terreos. Poderán ser obxecto de subvención as actuacións consistentes no revestimento de muros de peche executados con fábrica de ladrillo ou bloques de formigón, sen revestir.

CONTÍA DAS AXUDAS

A contía da subvención será o **70 % do orzamento** da inversión subvencionable, co **límite máximo de 3.000 € por solicitante e ben**.

PRAZO DE SOLICITUDES

Desde o 16-01-2024 ás 00:00 horas ao 15-02-2024 ás 23:59 horas.

Esta subvención é en réxime de **concorrenza non competitiva**, é dicir, por **ORDE DE REXISTRO DE ENTRADA** da solicitude.

INFORMACIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIONS:

Concello de Baralla, Oficina do Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (Alberto); Teléfono: 982363303.

O ALCALDE
Asdo. Miguel González Piñeiro

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

